



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe Xosé Fernández López
Rúa Doantes de Sangue, 1- 36400 O Porriño
Correo: ceip.xose.fernandez@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipxosefernandez/
Teléfono: 886 110433



Á ATENCIÓN DOS PAIS/NAIS D@S ALUMN@S DE 6º DE E.I. E DE 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º DE E.P.

No D.O.G. nº 96 do luns 20 de maio do presente, publícase na [Orde do 7 de maio do 2024](#) para a solicitude de axudas para a participación no programa de fondo de libros (3º e 4º de Educación Primaria), para a adquisición de libros de texto (1º e 2º de Educación Primaria), alumnado NEAE e para a adquisición de material escolar para o curso 2024/25 para os alumnos de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e de 1º de Educación Secundaria.

O prazo de presentación de solicitudes será do 21 de maio ata o 21 de xuño ámbolos dous días incluídos.

Os alumnos de 6º de Educación Primaria presentarán a documentación no IES ou no centro educativo onde vaian cursar estudos no vindeiro curso.

As solicitudes pódense recoller no Colexio e tamén se poden [descargar en formato pdf](#) no portal educativo e na nosa páxina web.

Poderase presentar a solicitude na [sede electrónica da Xunta de Galicia](#) ou en papel de xeito presencial no colexio.

Non ter devoltos os libros do presente curso é causa de exclusión.

Teñen dereito á axuda @s alumn@s que cumpran os seguintes requisitos:

- ✓ Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario (Artigo 10 da lei 9/2007)
- ✓ Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 euros (O cálculo farase coa renda do ano 2022 sumando as casillas 435 e 460 e dividirase entre o número de membros da unidade familiar) . Os membros que acrediten unha discapacidade superior o 33% computarán por dous membros.

Xunto coa solicitude debidamente cumprimentada e asinada por todos os membros da unidade familiar que teñan ingresos, presentaranse orixinal e copia da seguinte documentación:

- 1) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- 2) Se hai discapacidade nalgún membro da familia, certificado emitido polo órgano competente.
- 3) Se hai situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia, certificado emitido polo órgano competente.
- 4) No caso de violencia de xénero, documentación acreditativa.
- 5) Fotocopia da sentenza xudicial ou convenio regulador da separación ou divorcio.
- 6) Non se terán en conta os cambios da unidade familiar posteriores o 31 de decembro de 2022.

A DIRECTORA.

Rosa María Baladrón Iglesias

